

ANUNCIO

O Alcalde o día 12-06-2025, ditou a seguinte resolución con número 374/2025:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: HORARIO DE VERÁN CONCELLO DE MELIDE 2025

EXPEDIENTE: 2025/G003/000405

ANTECEDENTES:

Logo de ver o anexo de persoal desta Corporación, aprobado inicialmente en sesión plenaria o 28/11/2024, xunto co orzamento correspondente ao exercicio 2025, publicado no BOP número 249 de 27 de decembro de 2024, unha vez exposto ao público (BOP núm. 232 de 02/12/2024).

Logo de ver que no anexo sobre o cadro de persoal constan as directrices sobre a xornada e calendario laboral dos/as traballadores/as do concello de Melide, que a día de hoxe non foron modificadas nas que se establece:

(...) “Tipos de xornada laboral:

As xornadas laberais do persoal incluído no ámbito de aplicación das presentes directrices poderán ser dos seguintes tipos:

1. Xornada ordinaria: a duración máxima da xornada de Traballo será de trinta e sete horas e trinta minutos semanais.
2. Xornada de verán: durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ambos incluídos, establecerase unha xornada de traballo distinta á ordinaria, cuxa duración será determinada por Decreto de Alcaldía (...)”.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Determinar o seguinte horario laboral de verán 2025 dende o 16 de xuño de 2024 até o día 15 de setembro de 2025, ambos os dous incluídos:

De luns a venres: de 8:30 a 14:30

SEGUNDO: Comunicar este acordo aos representantes dos traballadores e publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

Ordeno e asino en Melide, xoves 12 de xuño de 2025. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria en réxime de acumulación da fe. Asdo: A secretaria en réxime de acumulación / María Pardo Quintana.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, venres 13 de xuño de 2025.

Asdo: A secretaria en réxime de acumulación / María Pardo Quintana.